



Radia Perman

BIRAWXS

Radia Perlman (1951)

Radia Joy Perlman é creadora de soporte lóxico (software), enxeñeira de redes e experta en seguridade. Actualmente traballa para a Dell EMC en Seattle, Estados Unidos, tras ter traballado para Intel. Popularmente está considerada como a «Nai de internet», e é coñecida por ser a creadora do protocolo Spanning Tree (STP), a árbore de expansión, que transformou o funcionamento do Ethernet. Grazas a ela, foi posible desenvolver internet tal e como a coñecemos hoxe.

Na escola, Radia xa sentía fascinación polas clases de matemáticas e de ciencias, aínda que tamén lle gustaba escribir e compoñer música. É unha auténtica pioneira, acostumada a desenvolverse nun mundo maioritariamente masculino, como sucedía cando se graduou no MIT (Instituto Tecnolóxico de Massachusetts) nos anos setenta. Naquela época, era moi difícil cruzarse con outra muller no campus do que se consideraba un dos centros tecnolóxicos máis importantes do mundo.

Ao longo da súa exitosa carreira, impartiu cursos en diversas universidades e rexistrou máis de setenta patentes. Entre algunhas delas, cabe destacar que Radia desenvolveu a versión para nenos da linguaxe de programación educativa para robótica Logo, e converteuse nunha das pioneiras da ensinanza de programación para nenos.

Perlman sente que hai que facer algo para mellorar a desigualdade de xénero na súa industria.

Ilustración: Marta Riera / marta@martaiera.com

Universidade de Vigo

Unidade
de Igualdade

Cátedra de
Feminismos 4.0

 **DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA**